


Leite de Vasconcelos, a Real Academia Galega e a poesía galega

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Sumario
A relación de Leite de Vasconcelos con Galicia
Abstract
The relationship of Leite de Vasconcelos with Galicia

O Doutor José Leite de Vasconcelos (Ucanha, concello de Tarouca, 1858-Lisboa, 1941) caracterízase na cultura portuguesa por unha obra extensa e polos excelentes traballos científicos, productos dun insaciábel desexo de saber e do seu profundo amor por todas as cousas portuguesas. Fundador da *Revista Lusitana* en 1889 e de *O Arqueólogo Português* en 1895, órgano do Museo Etnolóxico Português, fundado e dirixido por el, cultivou as máis variadas materias, a filoloxía, etnografía, arqueoloxía, numismática e a historia literaria. Na súa ampla obra podemos destacar, *Tradições populares de Portugal* (1882), *Poesia amorosa do povo português* (1890), *Esquisse d'une dialectologie portugaise*¹ (Paris, 1901), *Ensaio Etnográfico* (4 vols., 1891-96, 1903, 1906 e 1910) e *Lições de Filologia Portuguesa* (1911) *Religiões da Lusitânia* (3vols., 1897, 1905 e 1913), *Opúsculos* (6 vols., 1928 a 1938), *Etnografia Portuguesa* (3vols., 1933, 36 e 42). Este erudito portugués, catedrático de filoloxía portuguesa na Facultade de Letras da Universidade de Lisboa, dedicouse especialmente ao estudio da etnografía e da dialectoloxía portuguesa.



A Real Academia Galega, a partir do seu primeiro presidente Don Manuel Murguía, tratou de incorporar como membros correspondentes a moitos intelectuais portugueses. A data máis antiga dos académicos portugueses elixidos remóntase ao ano 1905 sendo Leite de Vasconcelos un deles xunto con Alberto Bessa, Joaquim Teófilo Fernandes Braga e Juan Cayetano da Silva Campos. Como membro correspondente da Academia publicou varios traballos no *Boletín*, de tipo filolóxico como o titulado «Ferreira e ferraria»², no que estudia a orixe e significado destas palabras en Portugal, que teñen e tiveron a mesma

*Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura Galega do Instituto "Francisco Aguiar" de Betanzos.

¹Tese de doutoramento en París, no ano 1901.

²*Boletín* da RAG, 1 de decembro de 1922, nº 147.

significación, pero con diferenza de datas: unha da época romana, outra da época románica, aclarando que o estudo ten a mesma validez para Galicia onde hai moitas terras chamadas así por ser lugares onde houbo minas ou traballos de ferro; traballos de tipo filolóxico-etnográfico, como o titulado «Duas figas»³, no que interpreta, a petición dun académico, unha inscrición nunha pedra incorporada nunha torre da igrexa de Verín, aclarando que as figas eran figuras ou obxectos que se colocaban nos monumentos medievais, relixiosos ou profanos, para defendelos das accións malévolas que puidesen exercer contra eles os homes ou os espíritos, engadindo algunhas consideracións máis sobre as supersticións. Leite de Vasconcelos estaba moi próximo a Galicia, desde a ciencia, na consideración do portugués e do galego como unha única lingua, e no corazón, por amar esta terra como súa e porque mantiña unha grande amizade con persoas como Don César Vaamonde Lores, Don Andrés Martínez Salazar e Don Fermín Bouza Brei. Como filólogo e lingüista mostrou un grande interese pola lingua galega, manifestado en traballos como a publicación na *Revista Lusitana*⁴ dun pequeno dicionario galego inédito, que encontrara na Biblioteca Nacional de Madrid; un traballo con importantes consideracións fonéticas é o titulado *Miucalhas gallegas*, publicado en Lisboa no ano 1910; nos *Opúsculos*, existen moitas referencias á nosa lingua, e no cuarto volume, estudia as falas de tres comarcas de Ourense: Ribadavia, Ferreirós e San Miguel de Lobios. A pretensión de Bouza Brey, compartida con Don Francisco Vales Villamarín, de publicar un número do *Boletín* dedicado a Leite, non chegou a materializarse; os motivos puideron ser de tipo económico e tamén pola existencia de posturas encontradas nos académicos. Nunha carta do 19 de decembro de 1942, dirixida a Vales, Bouza Brey fala desta idea compartida: *Respecto a lo de Leite de Vasconcelos se me ocurre que usted y yo podemos con tal ocasión -ya que el aniversario es todavía en Mayo- hacer un experimento y es el de un número extraordinario reuniendo los Boletines de un trimestre a los que se sumarían cuatro hojas más de las cubiertas ahorradas y, según su resultado, más o menos feliz, seguir tirando de esa suerte el Boletín. Si usted acepta no haga mayor uso del proyecto y pídale a Castillo un artículo, haga usted otro (todos de investigación y nada de apología del homenajeado, cosa que se hará en un trabajo preliminar) y requiera usted a algún otro investigador serio de su conocimiento que se deje de recortar y ame el estudio; pero huya de divulgar la cosa para que no haya resquemores y écheme siempre la culpa a mí. Yo me encargaré de recoger otras colaboraciones sólidas y de hacer el artículo laminar que puede ser sobre Leite y Galicia después de una breve biografía. Para esto necesito que usted me busque en la Academia la fecha de su nombramiento de correspondiente y rastree sus relaciones con ella, las que sostuvo con Martínez Salazar, según Leite mismo dice y cuanto usted halle de provecho sobre ello. Yo también escribiré a Maciñeira, según usted me dijo. Al tener en sus manos los trabajos que haya pedido o confeccionado me los manda a mí y yo le enviaré de aquí el número hecho, a fin de dar, sin otro gasto, cierto aspecto cuidadoso al número. Podríamos inaugurar si acaso nos restase espacio, una sección de «Varia» o «Miscelánea» en la que se diesen notas eruditas de muy corta dimensión. Yo haré una; haga usted dos, para empezar. ¿Le parece?. Los trabajos no deben limitarse en cuanto a extensión. Ya los que no quepan continuarán publicándose en los siguientes números. Desearía que usted me dijese acerca de que materias trabajan los colaboradores de quienes usted solicite y usted mismo para evitar en lo posible que apareciese mucha*

³*Boletín* da RAG, 1 de setembro de 1924, nº 165.

⁴Este traballo foi publicado no ano 1902, no tomo VII.

cosa de una ciencia, o mucha prehistoria o mucha Historia o, por el contrario escasease de otra, vgr. Etnografía, que Leite tanto cultivó. El ideal era que tuviese representación y así aún se podía echar una mano a última hora. Dígame su impresión de esto; objéteme sin pesimismo, que usted es animoso, y tome usted nota de esta norma que me ha servido siempre: «En las Corporaciones si quieres hacer algo eficaz no des intervención a todos en los proyectos sino en la medida del plan que hayas trazado». Hay mucho peso muerto en toda Asociación. Esta idea compartida por Bouza Brey e Vales Villamarín non chegou a materializarse.

As obras máis literarias e poéticas de Leite de Vasconcelos, *A consciência dos séculos* (1880), *Baladas do Ocidente* (1885) e *Nuvens* (1898) soen situarse, por parte dos críticos, ao lado das obras de Martins Sarmiento e Teófilo Braga, cualificándoas de «poesía menor» e de composicións «frías e duras metricamente», faltas de sentido poético. O amor a Galicia non só o leva a realizar estudos filolóxicos e lingüísticos senón que tamén provoca que Leite de Vasconcelos chegue a compor un soneto en galego titulado «Galicia», que Carré Aldao publicou na súa *Literatura Gallega*, no apartado titulado «Poesías de algunos escritores no gallegos, que cultivan nuestra lengua»⁵; o soneto está cheo de sentimento e exento desa frialdade que os críticos lle atribúen na súa obra poética en portugués.

Reproducimos o soneto como unha homenaxe a este erudito portugués, amante de Galicia:

Galicia

Galicia, terra irmán de Portugal
onde voan os mesmos paxariños,
e as mesmas frores bordan os camiños,
e son uns mesmos, pobos e ideal.

Lindo berce de Curros e Pondal,
-un, que escoita os queixumes dos airiños
outro, que abrindo vellos pergamiños
canta os feitos da historia rexional:-

Eu te saúdo! E atópome feliz
pois sentín hoxe, destes bôs amigos,
o corazón ao rente latexar...

Sóño da beira mar, verde país,
viva eu de cote sin correr perigos,
pra acó máis unha vez, virte a saudar.

⁵*Literatura Gallega* de Eugenio Carré Aldao, Casa Editorial Maucci, Barcelona, 1911, p. 244.

